



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



PROPOSTA DE BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DA ESPECIALIDADE SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REINICIA X” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE MUGARDOS, ARES E FENE

## 1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego “REINICIA X” confírese como un programa mixto de emprego e formación que ten como finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que possibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023 e promovido polos concellos de Mugardos, Ares e Fene .

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data 09/10/2023 e co número de expediente 15/0024/2023 e a Circular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de data 14/06/2023, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para as persoas mozas e obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-2024

As especialidades a impartir son as seguintes:

SSCS0208: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (nivel 2), con 10 alumnos/as- traballadores/as

MAMD0209: Traballos de carpintería e moble (nivel 1) e MAMD0109 Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble (nivel 1) con 10 alumnos/as- traballadores/as

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará 20 alumnos/as-traballadores/as coa seguinte distribución por concellos tal e como figura no “Convenio de colaboración para o Obradoiro dual de emprego dos Concellos de Mugardos, Ares e Fene” asinado en data 05 de xuño de 2023:

- Concello de Mugardos: 4 alumnos/as
- Concello de Ares: 5 alumnos/as
- Concello de Fene: 11 alumnos/as

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

- Un/unha director/a (xornada completa)
- Un/unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (SSCS0208) ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (xornada completa)



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



- Un/Unha docente para impartir os certificados de profesionalidade de (MAMD0209) Traballos de carpintería e moble e MAMD0109 Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble (xornada completa)
- Un/Unha Titor/a e docente de formación transversal ( formación empresarial, orientación, información profesional, igualdade de xénero, alfabetización informática e sensibilización ambiental) a xornada completa
- Un /Unha docente de ensino básico (50% de xornada)

A selección do persoal docente da especialidade SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo as principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

## 2.- Publicidade do proceso

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal unha vez aprobadas pola entidade promotora expóranse ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugardos e de forma complementaria na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>) , así como nos taboleiros e webs dos concellos de Ares e Fene. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugardos e de forma complementaria na páxina web do Concello de Mugardos, así como nos taboleiros e nas páxinas web dos concellos de Ares e Fene.

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como docente que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

## 3.- Requisitos comúns dos/as aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo todo/a aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



- non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito – menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas, así como os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécense a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
  - c) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos a acceso ao emprego público.
  - d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

#### 4.- Órgano de selección

O Tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes Os seus membros serán designados polo Alcalde ou persoa en quen delegue, , segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal de selección estará formado por 5 membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo con categoría equivalente: Un presidente/a, un secretario/a e tres vogais. Designaranse así mesmo, os seus respectivos suplentes .Todos os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas .

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.



XUNTA  
DE GALICIA

Galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría primeira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

## 5.- Listaxes de reserva

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a proposto/a para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións

## 6.- Selección do persoal docente da especialidade SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais:

### 6.1.- Normas xerais:

#### – Proceso de preselección:

O Concello de Mugardos é o órgano responsable de tramitar unha oferta de emprego de docente da especialidade SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais no Servizo Público de Emprego de Galicia, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección

*Parámetros da oferta:*

Sistema de selección: baremo de méritos establecido para o posto de docente da especialidade SSCS0208 previa oferta de emprego público específica na oficina de emprego

Requisitos das persoas aspirantes:

- a) Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa



XUNTA  
DE GALICIA

galiçia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



- b) Experiencia profesional: o establecido polo RD 1379/2008, de 1 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)
- c) Competencia docente: acreditar que posúe competencia docente conforme ao previsto no artigo 6 do RD 1379/2008
- d) Requisitos lingüístico: posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega
- e) Outros requisitos: Permiso de conducir B

– **Admisión das persoas aspirantes:**

Unha vez recibida a relación de candidatos/as, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo. Dito listado será aprobado por Resolución de Alcaldía e se publicará no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugarodos, así como nos taboleiros dos Concellos de Ares e Fene, e no mesmo se lles comunicará ás persoas candidatas o prazo para presentar a documentación que se lles requira nas presentes bases (Ver Anexo I)

- **Selección definitiva das persoas candidatas:**

As persoas que non presenten a documentación en prazo decaerán do seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

A selección definitiva da persoa docente da especialidade SSCS0208 será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán baremados os méritos alegados polas persoas candidatas remitidas pola Oficina de emprego.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) O maior tempo acreditado como desempleado.
- b) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h) O de maior idade.

- **Puntuacións finais. Contratación do/a docente da especialidade SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais:**

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Esta lista se publicará no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugar dos e nos taboleiros dos concellos de Ares e Fene, de forma complementaria na páxina web do concello de Mugar dos ( <https://mugar dos.gal>)

Os aspirantes disporán dun **prazo dun (1) día hábil**, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita lista no taboleiro de anuncios do Concello de Mugar dos para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitivado/s aspirante/s aprobado/s tamén pola orde da puntuación obtida. Así mesmo, esta relación de aprobado/s presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no **prazo de tres (3) días hábiles**, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugar dos, a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.  
No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, o acceso ao emprego público.
- b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- c) Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.
- d) Así mesmo, deberán presentar no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



## 7.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

## 8.- RECURSOS

A Resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e fronte á mesma poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, significándose que no caso de interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso –administrativo até que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso – administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado Contencioso –administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá interpoñer directamente Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da presente publicación, ante o Xulgado Contencioso – Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



## ANEXO I

### PROCESO SELECTIVO DUN/DUNHA DOCENTE PARA A ESPECIALIDADE SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS

#### FUNCIÓNS DO POSTO:

A persoa candidata seleccionada encargarse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado – traballador, así como:

- Elaborar, xunto coa dirección do obradoiro, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico – prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado – traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado – traballador notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización de aula – taller e espazos de execución dos traballos
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado – traballador
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados

#### MODALIDADE, PERÍODO DE CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓNS

- a) O/A candidato/a seleccionado/a será contratado por un período de 12 meses a xornada completa (40 horas semanais) baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral vinculados a programas de activación para o emprego (modelo 405) como se indica na Orde do 21 de abril de 2023 no artigo 13.3 (a entidade promotora contratará ao persoal formador, directivo e de apoio que fose seleccionado de acordo co procedemento establecido no artigo anterior a través da modalidade de contratación que considere máis axeitada. Para estes efectos, poderá empregar a modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, marcando no aplicativo Contrat@ a opción ET/CO/TE/FD , e dentro desta opción “persoal”) para a execución do Obradoiro dual de emprego REINICIA X
- a) A retribución mensual bruta será de 2004,76€ , correspondente á xornada completa (40 horas semanais), incluída a parte proporcional das pagas extra e excluídos os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato
- a) Categoría profesional: Grupo II
- b) Centros de traballo/formación: Centro de Formación Francisco Vizoso do Concello de Mugardos

#### REQUISITOS ESPECIFICOS:





XUNTA  
DE GALICIA

galiçia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



- f) Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa
- g) Experiencia profesional: o establecido polo RD 1379/2008, de 1 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)
- h) Competencia docente: acreditar que posúe competencia docente conforme ao previsto no artigo 6 do RD 1379/2008
- i) Requisitos lingüístico: posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega
- j) Outros requisitos: Permiso de conducir B

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias ( agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustifico cuxa aceptación valorará o órgano de selección poderá presentarse ata o día mesmo que se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

#### SELECCIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS:

Primeiro.- O Órgano de selección para a cualificación dos/as candidatos/as deberá aplicar o seguinte:

Puntuación total do proceso selectivo: 16 puntos

- Titulación académica relacionada coa especialidade a impartir (máximo 2 puntos)
  - Licenciatura ou grao: 1,5 puntos
  - Diplomatura universitaria: 1 punto
  - Master maior ou igual a 600 horas: 0,50 puntos
  - Título de técnico/a superior da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,5 puntos
  - Título de técnico/a medio da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,25 puntos

A puntuación dos apartados anteriores é acumulable ata a puntuación máxima. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver

- Experiencia profesional (máximo 9 puntos)
  - o Experiencia desenvolvida como mestre das especialidades SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais en Obradoiros de emprego, casas de oficios, Escolas Taller, escolas obradoiro, Programas de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 6 puntos
  - o Experiencia en funcións docentes relacionadas coa especialidade convocada en empresas ou entidades públicas ou privadas por conta allea: 0,05 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos
- Cursos realizados (máximo 4 puntos): Valoraranse unicamente os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tivesen unha duración mínima de 20 horas lectivas:
  - o Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 puntos por curso



XUNTA  
DE GALICIA

galiçia



OBRADOIROS DE  
EMPREGO DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



- Cursos de 100 a 299 horas: 0,30 puntos por curso
- Cursos de 300 horas ou máis: 0,50 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación.

- Cursos de formación docente (máximo 1 punto):
  - Cursos de especialización docente (100 horas): 0,50 puntos
  - Curso de metodoloxía didáctica (150 horas): 0,75 puntos
  - Curso de formador de formadores (400 horas): 1 punto
  - Curso de CAP ou equivalente (master en secundaria): 1 punto
  - Curso de docencia de formación profesional para o emprego (SSCE0110): 1 punto

A formación docente esixida para o posto unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación

Para acreditar os méritos, será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- a) A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial
- b) O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificados de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficias ou incluídos nos plans de formación continua. Debe constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos.  
No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior
- c) Acreditación da experiencia profesional por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos. Nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado: non se teñen en conta as experiencias que non figuren na vida laboral

Segundo.- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a): para os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento de lingua galega segundo o establecido nos requisitos específicos deberán realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán ao galego, e outro do galego ao castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, se procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron



## ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DOCENTE DA ESPECIALIDADE SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “REINICIA X”

D/Dna \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_ e con domicilio en \_\_\_\_\_  
C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_

MANIFESTA:

- Que coñece e acepta as bases que van rexer o proceso de selección do persoal laboral temporal do Obradoiro dual de emprego “REINICIA X”
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección
- Que achega a seguinte documentación:
  - o Copia de DNI ou equivalente
  - o Copia tarxeta da Seguridade Social
  - o Copia da documentación acreditativa de estar en posesión do título académico requirido para acceder ao posto que solicita
  - o Copia dos documentos que acreditan os méritos alegados
  - o Certificado Celga ou documento equivalente

Por todo o exposto,

SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a no proceso selectivo de Docente de especialidade SSCS0208

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS

*De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugar dos, con dirección Avda de Galicia, 45, 15620 – Mugar dos; [correo@concellodemugar dos.gal](mailto:correo@concellodemugar dos.gal)*

*1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.*

*PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas da prestación do servizo.*

*2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.*

*3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugar dos non cederá os seus datos de carácter persoal*

*4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Mugar dos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade*



ANEXO III: RESUMO DOS MÉRITOS ALEGADOS (Por cada posto ao que se opte)

DATOS PERSOAIS	
APELIDOS E NOME	DNI
POSTO AO QUE SE OPTA	

TITULACIÓN MÍNIMA ESIXIDA	
---------------------------	--

TITULACIÓNS COMPLEMENTARIAS:

EXPERIENCIA PROFESIONAL			
EXPERIENCIA MÍNIMA ESIXIDA:			
EXPERIENCIA PUNTUABLE			
ENTIDADE	POSTO DESEMPEÑADO	PERIODO SERVIZOS A COMPUTAR	TEMPO SERVIZOS A COMPUTAR

CURSOS DE FORMACION	
DENOMINACION	HORAS

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS